



CONCELLO DE VIGO

ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE 10 PRAZAS DE BOMBEIRO DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2014, 2015 E 2016 DO CONCELLO DE VIGO SOBRE ALEGACIÓNS AO SEGUNDO EXERCICIO POLA SECCIÓN SINDICAL DA CIG DO CONCELLO DE VIGO.

O Órgano de Selección en sesión de 29 de novembro de 2018 adoptou o seguinte acordo:

“Dáse conta ao órgano de selección da alegación presentada no Rexistro de Entrada do Concello pola sección sindical da CIG do Concello de Vigo en data 27-11-2018 (doc. 180189335). Neste escrito alégase que durante o desenvolvemento do primeiro exercicio do procedemento selectivo vulneráronse os seguintes principios: -Sobre a elaboración das preguntas. -Sobre a desproporción na porcentaxe das preguntas. -Sobre a falta de proporción das preguntas do temario xeral e do temario específico. -Sobre a nota de corte. E solicítase a paralización do procedemento selectivo retrotraendo o proceso ao momento anterior da realización da primeira proba.

a) No que atinxe a elaboración das preguntas. A alegación refírese á base décima das Xerais e invócase a vulneración desta base en canto dispón: *“Para a elaboración das preguntas, sortearanse de forma equitativa os temas dos manuais que proporcionalmente se aporten polos membros do órgano de selección.”* Sinala a alegación que *“resulta evidente que as bases obrigan a realización de un sorteo de temas, o que está claro non se interpreta, omitir este precepto vulnera as bases”*.

Sobre esta cuestión pronunciouse o órgano de selección na súa sesión de 4 de novembro de 2018, polo que o órgano de selección acorda desestimar esta alegación en base ao exposto na acta de dita sesión: *“Tendo en conta que a base décima das xerais contén como previsión para a elaboración das preguntas o seguinte: “Para a elaboración das preguntas, sortearanse de forma equitativa os temas dos manuais que proporcionalmente se aporten polos membros do órgano de selección.”, o órgano de selección entende que a celebración dun sorteo de forma equitativa dos temas dos manuais que proporcionalmente se aporten polos membros do órgano de selección, é claramente contraditoria. Hai unha incompatibilidade entre os termos “sorteo”, “equitativo” e “proporcional”, o que leva a unha dificultade na interpretación deste apartado das bases por entender imposible a execución material do indicado sorteo.*

Atendendo a esta imposibilidade material, o órgano de selección realiza unha interpretación racional e lóxica da base, en aplicación do disposto no artigo 3.1 do Código Civil, que dispón que *“Las normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/12/2018 14:20

Páxina 1 de 5

Expediente 32856/220

CSV: 28E753-C5393H-AH4451-U23D5Q-Q95SAT-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

y legislativos, y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas” e aplicando a base décimo sétima das xerais, que lle autoriza para resolver as dúbidas que se presenten.

En primeiro lugar dise que se sortearán os *temas dos manuais aportados polos membros do órgano de selección*. O sorteo non se refire aos temas que integran o temario da oposición, senón aos temas dos manuais. Este sorteo implicaría ter que realizar previamente unha relación dos temas incluídos nesos manuais para despois sortelos.

Para a realización do primeiro exercicio, a citada base VI das específicas establece que o primeiro exercicio *“Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio”*.

De realizar o sorteo do xeito que prevé a base xeral, este sorteo suporía a elección duns temas (aqueles resultantes do sorteo) e o descarte doutros, e as bases non indican cantos temas se escollerían e cantos se deixarían fora. Esta interpretación levaría a un absurdo, xa que nos precedentes procesos selectivos desta administración municipal nos exames tipo test realízanse preguntas da maioría dos temas de xeito que se valora un coñecemento xeral do temario. Razón pola que a base específica recolle que as preguntas do cuestionario tipo test estarán relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, sen excluír ningún tema. Por outra parte, a realización do indicado sorteo dos temas dos manuais excluíría a lexislación (contida en textos normativos e nos diarios oficiais) á que se refiren algúns dos temas, o que se contradí co apartado anterior da mesma base xeral que establece que tamén se tomarán como referencia textos normativos (Diario oficial de publicación).

En base ao absurdo ao que podería conducir a realización dun sorteo que deixara fora por decisión do azar un número de temas (pois como xa dixemos non se determinan cantos), o órgano de selección, de conformidade coa autorización para resolver as dúbidas que se presenten, establecida na base décimo sétima das xerais, realiza unha interpretación lóxica e racional, ao entender que a finalidade pretendida pola disposición en cuestión é que todos os membros do órgano de selección aporten material para confeccionar as preguntas e que todos os manuais e textos normativos aportados sirvan de referencia para a elaboración das preguntas do cuestionario.”

Conforme recolle a acta deste tribunal de día 4 de novembro de 2018, para a elaboración das preguntas empregáronse como referencia os seguintes libros:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/12/2018 14:20

Páxina 2 de 5

Expediente 32856/220

CSV: 28E753-C5393H-AH4451-U23D5Q-Q95SAT-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

- Física y química, 4 ESO. Sm. Ana Cañas, Jesús Angel Viguera y otros
ISBN 978-84-675-8698-5

Preguntas: 2 (pag 123) – 8 (pag 219) – 9 (pag 78) – 10 (pag 124)- 11 (pag 128)- 20 (pag 77)

- Química. Gabino Alejandro Carriedo Ule y otros. Ediciones Paraninfo S.A. ISBN 978-84-283-3767-0

Preguntas: 1 (pag 116)

- Física. Elvira Martínez Ramírez y Julia Martínez Ramírez. Ediciones Paraninfo S.A. ISBN 978-84-283-3796-0

Preguntas: 17(pag 87) – 18 (pag 113)

-Tutorial de Bomberos, Bloque Jurídico. Editorial Cep
ISBN 978-84-681-1086-8

Preguntas: 3 (pag 43) – 4 (pag 222) – 5 (pag 297)

- Física Y Química. Libro Del Alumno. Bachillerato 1 (Inicia Dual) -Física y química. Mario Ballesteros Jadraque, Jorge Barrio Gómes de Agüero
ISBN 9-788467-393842

Preguntas: 6 (pag 71) – 7 (pag 97) – 12 (pag 202) – 13 (pag 146)- 19 (pag 44) – 21 (pag 146)- 22 (pag 202) – 23 (pag 44)- 24 (pag 62)- 25 (pag 67)- 26 (pag 171) – 27 (pag 398)

- Bombero y bombero-conductor. Test del Temario práctico. Editorial MAD. Edición 2017. ISBN 9-788414-209837

Preguntas: 28 (pag 86) - 29 (pag 135) - 30 (pag 167) - 31(pag 278) - 32(pag 39) - 33 (pag 54) – 34 (pag 57) - 35 (pag 87) – 36 (pag 137) - 37(pag183) - 38(pag 246)

- 1.127 Preguntas básicas para oposiciones a bombero. José Agustín Tapias Alfaro. Editorial Cep. ISBN 9-788468-111407

PREGUNTAS: 39 (pag 111)

- Fundamentos teóricos para bomberos. Editor: Pedro D. Pacheco Mora
ISBN 978-84-616-7894-5

Preguntas: 40 (pag 685)- 41 (pag 687) - 42 (pag 684)- 43(pag 552) – 44(pag 502)

- El libro rojo del bombero. Refuerzo para oposiciones . Juan Guillermo Bascón Barrera y J.A. Romero Rodríguez. ISBN-13: 978-84-940957-1-9

Preguntas: 45(pag 146) – 46(pag 199) – 47(pag 269) – 48(pag 271) – 49(pag 75) – 50(pag 280)

- Bomberos. Temario y cuestionarios. Materias específicas. Editorial ADAMS Vol.I. Ricardo Giménez Benavent y otros.

ISBN 978-84-15392-86-6

Preguntas: 51(pag 2.44) – 52(pag 8.87) – 53(pag 8.86) – 54(pag7.49) – 55(pag8.87) – 56(pag 8.88) -

- Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia. BOE de 28/04/1981 Preguntas:14 (art. 10) – 15 (art 1)

-Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local. BOE de 3 de abril de 1985.

Pregunta 16 (art.11)





CONCELLO DE VIGO

b) Sobre a desproporción na porcentaxe das preguntas. Alégase que “A falta de equidade na proporción do cuestionario vulnera as bases”.

Esta alegación volve a basearse na non realización dun “sorteo equitativo dos temas”, e que hai unha elevada porcentaxe de preguntas sobre determinados temas, o que vulnera o principio de publicidade alterando os criterios de valoración.

Remitímonos ao xa sinalado respecto ao sorteo. Non obstante, compre indicar que nas bases o sorteo non se refire aos temas do temario da oposición, senón aos **temas dos manuais**. Por outro lado, esta alegación é contraditoria en canto que un sorteo sería deixar ao azar os temas sobre os que se realizarían as preguntas, excluindo os non elixidos no sorteo.

c) Sobre a falta de proporción das preguntas do temario xeral e do temario específico. Alegase que “A falta de equidade na proporción da parte xeral e da parte específica vulnera as bases”

As bases non establecen que teña que realizarse a proporción á que se refire a alegación. O órgano de selección determina as preguntas que considera adecuadas sen que estea establecido que teña que preguntar sobre todos os temas e o número de preguntas de cada tema, se as bases quixeran regular esta proporción terían recollido. Sobre este aspecto compre referirnos ao artigo 61 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que os procedementos de selección cuidarán especialmente a conexión entre o tipo de probas a superar e adecuación ao desempeño das tarefas dos postos de traballo convocados, o que xustifica que o número de cuestións referentes a temas da parte específica que é a propia das funcións dos bombeiros, sexa maior que o número de cuestións sobre temas da parte xurídica.

O órgano de selección xa se pronunciou sobre esta cuestión na súa acta de 15 de novembro de 2018, cuxo acordo se transcribe: “Outras alegacións baséanse en desproporcionalidade nas preguntas en relación cos temas da convocatoria. O tribunal desestima esta alegación por canto hai preguntas referidas a maioría dos temas: Parte xeral: tema 1, tema 2, tema 3 e tema 4. Parte específica: tema 1, tema 2, tema 3, tema 4, tema 5, tema 6, tema 8, tema 9, tema 10, tema 11, tema 12, tema 13, tema 14, tema 15 e tema 16.”

d) Sobre a nota de corte. Esta cuestión é irrelevante neste proceso dado que neste caso o número de aprobados é inferior a 80 polo que non opera a nota de corte, como se publicou no anuncio deste tribunal de 05-11-2018, no que se indicou:

“De conformidade co acordado polo órgano de selección, a nota de corte quedou establecida na nota do exame que ocupe o número 80 na lista de aprobados ordenados os exames pola súa nota en orde decrecente (aclarar





CONCELLO DE VIGO

que, dado que neste caso o número de aprobados é inferior a 80, non opera a nota de corte”.

e) Sobre que a sección sindical comparte e fai propia “a fundamentación da reclamación dirixida o tribunal cualificador das probas de bombeiro presentada por 80 opositores”.

Lémbrese que todas as alegacións foron respostadas polo órgano de selección e publicado anuncio sobre os acordos adoptados en data 26-11-2018. O órgano de selección mostrou o seu acordo con algunhas das alegacións presentadas estimando as mesmas o que levou a anulación de algunhas das preguntas.

En base ao exposto, ó órgano de selección acorda que procede continuar coa realización do procedemento selectivo desestimando a solicitude de paralización do mesmo.”

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local ou calquera outro que teña por conveniente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/12/2018 14:20

Páxina 5 de 5

Expediente 32856/220

CSV: 28E753-C5393H-AH4451-U23D5Q-Q95SAT-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>